



2008-04-04

< [Abril 2008](#)

Lu Ma Mi Ju Vi Sa D

1 2 3 4 5

7 8 9 10 11 12 13

14 15 16 17 18 19 20

21 22 23 24 25 26 27

28 29 30

Álvarez Blázquez, Xosé María

Coñecín a Xosé M^a Álvarez Blázquez a través do seu fillo Xosé M^a Álvarez Cáccamo, a quen todos chamabamos Pepe Cáccamo. O terceiro ano de estudos en Santiago, e ata o final da carreira, compartín piso e vida con Pepe e con outros, moitos de nós vinculados ó grupo de teatro Aspasia. Foron anos intensos, de búsqueda, de intentos de novas formas de vivir e plantexarse as cousas. Moita movida estudiantil ("a guerra"), teatro, música, literatura... Ás veces, en realidade case sempre, a casa era un barullo de ideas e xente a ferver. Eu non escribía, pero outros sí; Gonzalo M. Uriarte, hoxe recoñecido actor, por exemplo. Pola casa pasou moita xente, ás veces a ler a súa propia obra, outras, as máis, simplemente a falar e tomar unha copa. Recordo unha tarde literaria na que alí leron as súas cousas, ademais de Pepe e Gonzalo, César Antonio Molina, o actual ministro, Ánxel Adolfo Rey Ballesteros, que preparaba "Dos anxos e dos mortos", quizais tamén o Ferrovello, quizais máis... Todo moi intenso, moi rico, moi diferente do resto e mesmo de si mesmo. Pepe da boa conta deses anos no seu último e precioso libro, "Memorias de poeta" ou algo así, non estou certo do título.

Naquel crisol Pepe e máis eu fixémonos moi amigos, cunha amizade fonda das que xa non se van nunca. Algúns fins de semana paseinos con Pepe en Vigo, ás veces na casa da cidade, ás veces na de Coruxo, mesmo á beira do mar, un lugar entón tranquilo e de grande beleza. Eran os dominios íntimos de Álvarez Blázquez, e alí estaba el, claro, xunto coa súa familia sempre sorprendente. Todo era sorprendente alí, nas conversas domésticas durante a comida, na relación de cada un co mundo e coas cousas, na permanente capacidade de trastornar os significados e crear novas realidades... lembro os intentos de tapar unha vía de auga nunha pequena lancha de remos a base de Aguaplast, algo de certo absurdo pero dunha poética peculiar. Nada digo: tamén eu intentei usar Aguaplast máis tarde, en Vigo, para impedir que a auga da choiva esvarase polas paredes da buhardilla do Calvario na que vivía, co mesmo fracaso que os Álvarez Cáccamo na súa lancha. O pai Álvarez Blázquez tiña os pés máis na terra, pero dende a súa seriedade víaselle gozar profundamente coas explosións de creatividade dos seus fillos. Foi sempre amábel, acolledor, pero ó propio tempo retraído, con cara de estar sempre pensando nas súas cousas, coa cabeza rebulindo detrás da fachada apracíbel. Foi hai moito, os recordos xa se me dilúen... pero penso que en Coruxo, nunha pequena habitación que daba ó xardín ou horta, non recordo cómo lle dicían, había uns estantes na parede nos que reposaban unhas cantas pezas de pedra tallada, do que foi chamado Camposanquiense. Souben así do interese de Álvarez Blázquez pola arqueoloxía, unha materia que tamén a min me tocaba a fibra neses anos estudiantís de intereses un tanto difusos. Ese mesmo ano, durante o verán, fun bastante á biblioteca da Real Academia Galega, o feudo de Juan Naya, e nela tiven acceso a artigos de Álvarez Blázquez que lin con avidez, con cariño á materia e ó autor. Os textos teñen sempre outro carácter cando coñeces á persoa que os pariu. Se me obrigas a dicirche cáles eran... así, entre a néboa, é posíbel que, ademais das aras de Vigo, estivesen as de Donón, a pía de Mougás, algún machado de


Las cosas del día a día.

Pequeñas noticias, contactos, visitas... aquello que, sin requerir de grandes titulares, nos renueva la esperanza y las ganas de seguir.

Y también, por qué no, las amarguras, las zancadillas, lo que se espera y no llega.

La trastienda, como quien dice.

Porque los Museos son de todos, y la Arqueología también.



NO
a la guerra



Sanantón do Castelo 

bronze, o traballo sobre o camposanquiense publicado en comandita con Bouza Brey... pero é posíbel que estea confundindo autores, ese verán dinlle unha boa batida ás cousas vellas da arqueoloxía de Galicia.

Rematados os estudos fixen a mili, mala chispa a leve, en Cáceres e Madrid. Cando rematei, en setembro de 1976, empecei a buscar traballo. Atopeino como profesor non numerario, PNN, de Historia e algo de Inglés en Vigo, no Instituto Politécnico. Foi sen enchufe, simplemente enviando unha carta de solicitude. Evidentemente eran outros tempos, nada que ver coa situación laboral de hoxe, pero tamén é certo que o Politécnico era sitio distinto, ó que Miguel López, entón Secretario, imprimira o seu carácter sensato e honrado. Pepe xa non estaba en Vigo, exercía tamén como PNN nun instituto de Santiago. Foi outro ano impresionante, nunha cidade nova, de certo dura e difícil, pero cunha vitalidade, unhas tensións... en Vigo tiñas que estar esperto, quixeras ou non. Eran os anos da plena transición, anos de mudanza, de crise global, e o Politécnico vivía tamén os seus propios cambios, en plena transformación da masculina Maestría Industrial nos posteriores Centros de Formación Profesional, un cambio radical, na que non só entraban rapazas nese couro de masculinidade, senón tamén novos enfoques, novos plantexamentos e novas asignaturas nunca pensadas e mesmo desprezadas polos máis reaccionarios. O Politécnico facilmente duplicou a súa plantilla en dous anos, con incorporación súbita de decenas de profesores e profesoras novos, menores de trinta anos, case todos solteiros, case todos de fóra de Vigo. Foron vivencias intensas e maravillosas, das que marcan a un e deixan unha imborrábel pegada de nostalxia.

O primeiro ano de Vigo fun o último en entrar, e tocáronme os restos das clases non cubertas. Un horario desquiciante e moi poucas horas, catorce semanais, o que se chamaba daquela "dedicación normal"; poucas horas e, loxicamente, poucos cartos; tan poucos que a penas daban para vivir, mesmo na buhardilla, barata pero infecta, do alto do Calvario, na 2ª Travesía de Dr. Carracido, onde aparcaba o seiscientos no medio das galiñas. Nin ducha tiña; recorría un par de veces por semana ás casas de amigos. Os outros días lavábame por parroquias.

Non recordo cómo, Álvarez Blázquez soubo que eu estaba en Vigo e cun traballo mal remunerado. Non sei se lles fixen algunha visita, é posíbel que fose Pepe, ou quizais fora a través da entrañable Ana González Alegre, gran amiga de sempre da familia... A verdade é que non lembro. Pero o caso é que Álvarez Blázquez me citou para falar. Vímonos na librería, un pequeno local que recordo, non sei se con acerto, ó final do paseo de Alfonso XIII, onde a oliva e a baixada ó Baiona a tomar os espaguetis ou o xamón asado ás tantas da noite. Nesa conversa sentínme de certo acollido e protexido, en certa forma querido, por Álvarez Blázquez. A sensación, nese Vigo de metal e dureza, foi reconfortante. Xosé María faloume de que no centro no que traballaba, a Náutico-Pesqueira, creaban unha nova praza de PNN para profesor de Lengua Española, e animoume a que me presentase á selección, que era aberta. Entre os dous traballos xa alcanzaría uns ingresos digamos normais. A min a cousa non me convencía, tanto porque eu era crítico co pluriemprego no ensino, algo moi estendido aínda que lóxico e mesmo necesario para moitos, como sobre todo porque estaba moi implicado nos procesos de transformación do ensino, por suposto no meu centro, no que sempre faltaba tempo, pero tamén en movementos máis globais como o asambleario de PNNs polo contrato laboral, que tamén tiña o seu aquel... case sempre era comisionado como representante de Galicia Sur co meu amigo e compañeiro Antonio Teimoy, unha persoa extraordinaria ademais de

divertidísima, e de feito tódolos fines de semana estaban ocupados, un a Santiago a Coordinadora Galega, outro a Madrid á Coordinadora Estatal, o seguinte a Santiago, volta a Madrid... Non, non tiña tempo para dedicarme a traballar para gañar máis cartos, había moito que facer no mundo, moito que cambiar, moito que inventar. O certo é que non souben cómo explicarlle isto a Xosé María, paternalmente preocupado por esa precaria situación económica miña na que, mal que ben, ía sobrevivindo. Ademais, Xosé María animábame a que optase á praza porque así poderíamos traballar xuntos no departamento da escola e, xa que eu estaba interesado, como el, na arqueoloxía, poderíamos dedicarnos xuntos, eu con máis traballo "de campo", el dirixindo e supervisando, a pór orde nos importantes depósitos do Museo de Castrelos, que debían estar entón almacenados sen excesiva orde nalgunha habitación pechada.

Naquela conversa falamos moito e longo. Das escolas, da vida, dos fillos, de arqueoloxía, de arqueólogos e de mil cousas máis. Fíxenlle moitas preguntas sobre xacementos, sobre pezas, sobre a súa visión de determinadas épocas e períodos. Non me negou nada da súa profunda sabiduría e faloume de todo o que lle preguntei, cunha combinación peculiar de tenrura e escepticismo, por veces socarrón. Un verdadeiro privilexio.

O plan era apetecible, sen dúbida; a perspectiva de abordar esa tarefa en Castrelos da man de Álvarez Blázquez era certamente apaixonante. No fondo, nada menos que crear un museo de arqueoloxía. Pero tamén era apaixonante o que estaba a facer na escola e no movemento de PNNs. Estaba claro tamén que Xosé María estaba, en certa forma, a pedir axuda, a pedir que xente nova lle botase unha man nese traballo que en solitario non podía abordar, pero que era importante, mesmo imprescindible: dotar a Vigo dun Museo. E todo isto dicíamo na pequena sede da Editorial Castrelos, o lugar case sagrado no que se publicara aquel Catecismo do Labrego que tantos anos vin, de neno, na mesilla de noite do meu pai. E dicíamo quen o editara, ese home de aspecto sinxelo e tranquilo, tras do que se adiviñaba un sabio de fondo compromiso, non sei ben con qué, desde logo con Galicia, tamén coa súa familia, pero no só... quizais consigo mesmo, coa súa historia persoal, co neno de Tui que tivo que sufrir aquelas horrosas dores e humillacións, quizais coa humanidade, non sei, pero fose o que fose o convertera no traballador de sonos imposibles que tiña diante, que me ofrecía a súa axuda e a súa amizade. Dixen que si, e presentei a instancia para profesor de Lengua Española.

Non ma deron. A praza levouna un Capitán da Mariña Mercante ó que nunca coñecín. Vinme de novo con Álvarez Blázquez para recibir a noticia. Xosé María estaba desgustado e decepcionado, mesmo indignado de que levase o posto un mariño en vez dun licenciado en letras. "¿De lingua? ¡Será de linguado!". Tiven a impresión de que o sentía como un fracaso persoal. Volveu a animarme para o de Castrelos, pero así, sen ese contacto cotiá no departamento da Escola, xa non era posíbel. Era necesaria unha constancia e unha determinación que eu non tiña entón. Son consciente de que non estiven á altura e síntoo. Non por min, que fixen o que me pareceu que debía facer, senón por el, que non atopou o discípulo e o colaborador que andaba a buscar, que necesitaba, e do que era sobradamente merecente.

Penso que foi a última vez que vin a Xosé María Álvarez Blázquez, ese home sabio, xeneroso, traballador, humilde e honrado. Bendito sexa.

Referencias (TrackBacks)

URL de trackback de esta historia
<http://quotidianum.blogalia.com//trackbacks/56637>

Comentarios

<u>1</u>	De: Martin Pawley	Fecha: 2008-04-04 15:29
Magnífico post, certo que si.		

<u>2</u>	De: Anónimo	Fecha: 2008-04-04 16:33
<p>Gracias, don Pawley. Pero o que era magnífico era Álvarez Blázquez, o gran olvidado da cultura galega. Tódolos seus traballos son preciosos, sexan de arqueoloxía, sexan de análise literario, sexan de creación poética. Pero o que máis me entenece quizais sexa o seu calado traballo na editorial. Penso que a colección O Moucho (¿chamábase así?) fixo por Galicia ben máis que moitas outras editoriais de gran renome xuntas. Sen presuncións, sen alaracas, sen propaganda, auto ou da outra, nun traballo constante...</p> <p>Algún amigo díxome unha vez que estaba convencido de que o mundo seguía funcionando gracias a un home pequeno, anónimo, discreto, descoñecido, normal en tódolos sentidos, que sin que ninguén o soubese era o que amañaba as cousas que deixaban mal feitas os Grandes Xefes, as Corporacións, os Estados... Gracias a él e a súa laboura calada había mestres nas escolas, periódicos nos kioscos, aspirinas nas farmacias, libros nas librerías. E que era o seu traballo o que facía que, a pesares dos atrancos que poñían os responsabeis, ó final chegaba un fontaneiro a amañar a cañería rota, unha bombona de butano á casa, un médico antes de que o enfermo morrera.</p> <p>Ás veces penso que tamén había un home así na cultura galega, e que o seu nome era Xosé María Álvarez Blázquez.</p>		

<u>3</u>	De: Akin	Fecha: 2008-04-04 18:31
<p>Queda un sen palabras, certamente, lendo esas cousas.</p> <p>Privilexiada memoria a súa Don Pater, eu tería esquecido os nomes de case todos han varios lustros.</p>		

<u>4</u>	De: Teresa	Fecha: 2008-04-04 21:48
Un beso, Pater :-* Me ha emocionado		